

I. DISPOSICIÓNS XERAIS

MINISTERIO DE ECONOMÍA E FACENDA

9641 Orde EHA/1608/2010, do 14 de xuño, sobre transparencia das condicións e requisitos de información aplicables aos servizos de pagamento.

I

A existencia de asimetrías informativas entre as dúas partes que concorren nos mercados de servizos financeiros é un fenómeno común que, unido á contraposición lóxica e lexítima dos seus intereses, pode xerar importantes desaxustes no funcionamento destes mercados.

Habitualmente, como é o caso no mercado dos servizos de pagamento, son os consumidores os que sofren a desvantaxe informativa e os que necesitan, polo tanto, dunha protección adicional para que os seus intereses económicos queden protexidos e para que, en definitiva, o mercado opere de maneira correcta. O anterior xustifica, con carácter xeral e sen prexuízo da liberdade de contratación, a normativa de transparencia financeira.

A adopción da Directiva 2007/64/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 13 de novembro de 2007, sobre servizos de pagamento no mercado interior, require estender as normas de transparencia financeira ao mercado de servizos de pagamento. A norma comunitaria ten como obxectivo último a verdadeira integración do mercado único de servizos de pagamento, e recoñece como esencial para a súa consecución garantir de maneira adecuada a protección do usuario de servizos de pagamento. A iso se orientan as disposicións contidas no seu título III.

A Lei 16/2009, do 13 de novembro, de servizos de pagamento, incorporou ao ordenamento xurídico español aquelas disposicións da directiva que requirían de rango legal. Entre elas as contidas no seu título III, que recollen as obrigas xerais de transparencia e información das condicións e requisitos aplicables aos servizos de pagamento, así como os aspectos xenéricos do réxime de resolución e modificación dos contratos marco. Non obstante, a concreción desas obrigas xerais remítese ao posterior desenvolvemento regulamentario por parte do ministro de Economía e Facenda.

Esta orde ministerial ten como obxecto o seu desenvolvemento e con ela complétase a transposición ao ordenamento español da Directiva 2007/64/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 13 de novembro de 2007, sobre servizos de pagamento no mercado interior.

II

Esta orde ministerial componse de tres capítulos que conteñen, respectivamente, as condicións xerais de transparencia e requisitos de información aplicables aos servizos de pagamento, e as especificidades que operan respecto das operacións de pagamento singulares e os contratos marco.

O capítulo I recolle, en primeiro lugar, a aplicabilidade da orde tanto ás operacións de pagamento singulares como aos contratos marco e a cada unha das operacións de pagamento que se realizan suxeitas a estes contratos marco. Non obstante, nos casos en que o usuario do servizo de pagamento non sexa un consumidor, as partes poderán acordar que non se aplique, total ou parcialmente, a orde.

Este capítulo inclúe as obrigas xerais de información dos provedores e beneficiarios de servizos de pagamento, cando presten servizos de cambio de divisa ou establezan recargas ou descontos por utilizar un determinado instrumento de pagamento. Neste último caso, para garantir que o usuario de servizos de pagamento coñece da translación, desde o beneficiario ata el, daqueles custos que a aquel lle supón a aceptación dun instrumento de pagamento concreto, os beneficiarios quedan obrigados a proporcionaren aos consumidores información completa sobre a contía dese gasto adicional, que en

ningún caso debe superar o custo diferencial que asume o beneficiario pola aceptación dese instrumento de pagamento específico.

Tamén se inclúen neste capítulo as especialidades nos requisitos de información aplicables aos instrumentos de pagamento de escasa contía.

O capítulo II recolle as exixencias de información referidas ás operacións de pagamento singulares, entendidas estas como aquelas que non están cubertas por un contrato marco. Nestes casos a orde exige que o provedor de servizos de pagamento facilite con carácter previo ao usuario determinada información xeral relativa, fundamentalmente, ao prazo de execución máximo do servizo de pagamento e ao conxunto de gastos que o usuario debe aboar ao provedor por ese servizo.

Ademais, o provedor queda obrigado a facilitarlle certa información ao ordenante e ao beneficiario, despois da recepción da orde de pagamento e da súa execución, respectivamente, de maneira que poidan identificar a operación de pagamento, coñecer o seu importe ou, cando proceda, o tipo de cambio utilizado.

Por último, o capítulo III contén previsións análogas ás do capítulo II pero referidas agora aos contratos marco. Tamén neste caso se require na orde determinada información xeral, con carácter previo á prestación do servizo, que se completa con outros requirimentos de información que se satisfarán unha vez que se recibiu e executou a operación de pagamento. Conclúe este capítulo con dous artigos que concretan o réxime en virtude do cal os provedores de servizos de pagamento poden modificar ou resolver un contrato marco.

III

Introducíronse nesta orde ministerial tres disposicións adicionais. A primeira delas prevé, de conformidade co artigo 8 da Lei 22/2007, do 11 de xullo, a aplicación como norma especial de determinados artigos desta orde en lugar dos correspondentes da citada lei, no que se refire á comercialización a distancia dos servizos de pagamento. Pola súa banda, a segunda aclara que á actividade de prestación de servizos de pagamento que desenvolvan aqueles provedores que están suxeitos tamén á Orde do 12 de decembro de 1989, sobre tipos de xuro e comisións, normas de actuación, información a clientes e publicidade das entidades de crédito, non lle será de aplicación esta última de maneira acumulativa ás disposicións de transparencia contidas nesta orde, senón que se lle aplicarán exclusivamente as previsións desta última. A terceira recolle o réxime de información contable das entidades de pagamento e inclúe unha habilitación ao Banco de España para que concrete a súa aplicación a estas entidades.

Adicionalmente, conta a orde cunha disposición transitoria que detalla o réxime de adaptación a esta norma dos contratos marco que estivesen vixentes no momento da súa entrada en vigor, e cunha disposición derogatoria cuxa primeira parte é aplicable a cantas disposicións de rango igual e inferior se opoñan a ela, e a segunda, específica, derroga parte dos artigos da Orde do 16 de novembro de 2000, de desenvolvemento da Lei 9/1999, do 12 de abril, pola que se regula o réxime xurídico das transferencias entre Estados membros da Unión Europea así como outras disposicións en materia de xestión de transferencias en xeral, e da Orde do 12 de decembro de 1989, sobre tipos de xuro e comisións, normas de actuación, información a clientes e publicidade das entidades de crédito.

Conclúe a orde con tres disposicións derradeiras que conteñen, respectivamente, a habilitación normativa ao Banco de España para o seu desenvolvemento e execución, a mención á incorporación do dereito da Unión Europea, e, por último, a disposición derradeira terceira fixa a data da súa entrada en vigor aos vinte días naturais da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Esta orde dítase en uso da habilitación expresamente conferida á persoa titular do Ministerio de Economía e Facenda polos artigos 18 e 22.1 da Lei 16/2009, do 13 de novembro, de servizos de pagamento.

Na súa virtude e de acordo co Consello de Estado,

DISPOÑO:

CAPÍTULO I

Disposicións xerais

Artigo 1. *Obxecto.*

O obxecto desta orde é a regulación dos requisitos de transparencia exixibles na prestación de servizos de pagamento, de conformidade co establecido no título III da Lei 16/2009, do 13 de novembro, de servizos de pagamento.

Artigo 2. *Ámbito de aplicación.*

1. Esta orde aplicarase ás operacións de pagamento singulares, aos contratos marco e ás operacións de pagamento suxeitas aos ditos contratos marco.
2. Cando o usuario do servizo de pagamento non sexa un consumidor, as partes nas operacións e contratos mencionados no número anterior poderán acordar que non se aplique, en todo ou en parte, esta orde.

Artigo 3. *Divisa das operacións e cambio de divisa.*

1. Os pagamentos efectuaranse na divisa que as partes acordasen.
2. Cando, no punto de venda ou polo propio beneficiario, se ofrezca un servizo de cambio de divisa con anterioridade ao comezo da operación de pagamento, a parte que ofrezca o servizo de cambio de divisa ao ordenante deberá informalo de todos os gastos, así como do tipo de cambio que se empregará para a conversión da operación de pagamento.

Unha vez informado, o ordenante deberá mostrar o seu consentimento sobre o servizo de cambio de divisa baixo estas condicións.

3. Os provedores de servizos de pagamento que ofrezcan os servizos de cambio de divisa a que se refire o número anterior establecerán e farán públicos, na forma que estableza o Banco de España, os tipos de cambio, comisións e gastos, mesmo mínimos, aplicables ás operacións.

Artigo 4. *Información acerca dos gastos adicionais ou das reducións.*

1. Cando, para os efectos da utilización dun instrumento de pagamento determinado, o beneficiario exixa o pagamento dun gasto adicional ou ofrezca unha redución pola súa utilización, informará diso o ordenante antes de se iniciar a operación de pagamento.

2. Cando, para os efectos da utilización dun instrumento de pagamento determinado, o provedor de servizos de pagamento ou un terceiro exixa o pagamento dun gasto adicional, informará diso o usuario de servizos de pagamento antes de se iniciar a operación de pagamento, sen prexuízo do disposto na Orde PRE/1019/2003, do 24 de abril, sobre transparencia dos prezos dos servizos bancarios prestados mediante caixeiros automáticos.

3. A información a que se refiren os números anteriores será facilitada ao usuario de servizos de pagamento nos seguintes termos:

- a) A información e as condicións comunicaranse ao usuario en termos facilmente comprensibles, de xeito claro e obxectivo, inmediatamente antes de se iniciar a operación de pagamento.
- b) Especificarase expresamente a contía do gasto adicional ou da redución vinculada á utilización do instrumento de pagamento.
- c) Especificarase expresamente a contía final completa da operación de pagamento co gasto adicional ou a redución e sen eles.

4. Así mesmo, os obrigados a ofrecer a información a que se refiren os números 1 e 2 deberán ter á disposición dos usuarios de servizos de pagamento, en todos e cada un

dos establecementos desde os que se poida iniciar a operación de pagamento, en lugar destacado de forma que atraia a atención dos usuarios, e exposta de maneira que resulte doadamente lexible, a seguinte información:

- a) Instrumentos de pagamento cuxa utilización xera gasto adicional ou redución.
- b) Importe exacto do gasto adicional ou da redución ou, cando este importe non poida ser calculado de antemán por razóns obxectivas, o importe estimado ou a base de cálculo que permita ao usuario comprobar esa estimación.
- c) Calquera outra circunstancia que poida condicionar a vinculación dun gasto adicional ou dunha redución á utilización dun instrumento de pagamento ou que poida resultar relevante para estes efectos.

Artigo 5. Especialidades respecto dos requisitos de información para instrumentos de pagamento de escasa contía.

1. Para os efectos deste artigo considéranse instrumentos de pagamento de escasa contía aqueles que só afecten operacións de pagamento individuais non superiores a 30 euros, ou que teñan un límite de gasto de 150 euros ou que permitan almacenar fondos que non excedan, en ningún momento, a cantidade de 150 euros.

2. Nos supostos establecidos no número anterior, os requisitos de información terán as seguintes especialidades:

a) O provedor do servizo de pagamento só facilitará ao ordenante a información sobre as características principais do servizo de pagamento, incluída a forma de utilizar o instrumento de pagamento, a responsabilidade de ordenante e provedor en caso de operacións non autorizadas, non executadas ou executadas defectuosamente, os gastos cobrados e demais información práctica necesaria para adoptar unha decisión con coñecemento de causa, e indicará en que lugar pode acceder doadamente á información e condicións contidas no artigo 12.

b) Poderase acordar que o provedor de servizos de pagamento non teña a obriga de propoñer os cambios das condicións do contrato marco da mesma forma que establece o artigo 11.1.

c) Así mesmo, poderase prever que despois da execución dunha operación de pagamento o provedor do servizo de pagamento facilite ao usuario ou poña á súa disposición unicamente unha referencia que lle permita identificar a operación de pagamento, o importe desta, os gastos e, en caso de varias operacións de pagamento da mesma natureza ao mesmo beneficiario, a información sobre a cantidade total e os gastos correspondentes ás ditas operacións.

Esta información non se facilitará se o instrumento de pagamento se utiliza de forma anónima ou se o provedor do servizo de pagamento non dispón dos recursos técnicos necesarios para facilitala. Non obstante, o provedor do servizo de pagamento facilitará ao ordenante a posibilidade de comprobar o importe dos fondos almacenados.

CAPÍTULO II

Operacións de pagamento singulares

Artigo 6. Concepto de operación de pagamento singular e ámbito de aplicación.

1. Este capítulo aplicarase ás operacións de pagamento singulares, entendidas estas como aquelas non cubertas por un contrato marco.

2. Cando unha orde de pagamento correspondente a unha operación de pagamento singular se transmita mediante un instrumento de pagamento regulado por un contrato marco, o provedor de servizos de pagamento non estará obrigado a proporcionar nin a poñer á disposición do usuario información que xa se lle facilitase en virtude do contrato marco con outro provedor de servizos de pagamento, ou que se lle vaia facilitar no futuro en virtude dese contrato.

Artigo 7. Información xeral previa relativa a operacións de pagamento singulares.

1. O provedor de servizos de pagamento facilitará ao usuario de servizos de pagamento, dun modo doadamente accesible para el, a información e as condicións establecidas no artigo 8, antes de que o usuario quede vinculado por calquera contrato ou oferta.

Se o usuario do servizo de pagamento o solicita, o provedor de servizos de pagamento facilitaralle a información e as condicións mencionadas en papel ou noutro soporte duradeiro.

A información e as condicións estarán redactadas en termos doadamente comprensibles, de xeito claro e lexible, en castelán ou en calquera das demais linguas españolas oficiais das respectivas comunidades autónomas en que se preste o servizo de pagamento ou en calquera outra lingua acordada entre as partes.

2. Se o contrato relativo a unha operación de pagamento singular se celebrou por instancia do usuario do servizo de pagamento a través dun medio de comunicación a distancia que non permita ao provedor de servizos de pagamento cumprir o disposto no número 1, este provedor cumprirá as obrigas impostas polo dito número inmediatamente despois da execución da operación de pagamento.

3. As obrigas impostas polo número 1 poderanse, así mesmo, cumprir proporcionando unha copia do borrador do contrato de servizo de pagamento singular ou do borrador da orde de pagamento que inclúan a información e condicións contidas no artigo 8.

Artigo 8. Información e condicións relativas a operacións de pagamento singulares.

1. O provedor de servizos de pagamento facilitará ao usuario de servizos de pagamento a información e as condicións seguintes:

- a) A especificación da información ou do identificador único que o usuario de servizos de pagamento debe facilitar para a correcta execución dunha orde de pagamento;
- b) O prazo máximo de execución do servizo de pagamento que se debe prestar;
- c) Todos os gastos que o usuario debe aboar ao provedor de servizos de pagamento e, de ser o caso, a desagregación das cantidades correspondentes a estes gastos;
- d) En caso de que a operación de pagamento inclúa un cambio de divisa, o tipo de cambio efectivo ou o de referencia que se aplicará.

2. Así mesmo, o provedor de servizos de pagamento poñerá á disposición do usuario do servizo de pagamento, dun modo doadamente accesible, a información que resulte pertinente da contida no artigo 12.

Artigo 9. Información para o ordenante tras a recepción da orde de pagamento.

Inmediatamente despois da recepción da orde de pagamento, o provedor de servizos de pagamento do ordenante facilitaralle ou poñerá á súa disposición, de modo idéntico ao indicado no artigo 6, a información seguinte:

- a) Unha referencia que permita ao ordenante identificar a operación de pagamento e, cando este dispoñible, información relativa ao beneficiario;
- b) O importe da operación de pagamento na moeda utilizada na orde de pagamento;
- c) A cantidade total correspondente aos gastos da operación de pagamento que deba aboar o ordenante e, de ser o caso, unha desagregación das cantidades correspondentes a eses gastos;
- d) En caso de que a operación de pagamento inclúa un cambio de divisa, o tipo de cambio utilizado na operación de pagamento polo provedor de servizos de pagamento do ordenante, ou unha referencia deste, cando sexa distinto do tipo facilitado de conformidade co artigo 8.1.d), e o importe da transacción tras a conversión de moeda; e
- e) A data de recepción da orde de pagamento.

Artigo 10. *Información para o beneficiario tras a execución dunha operación de pagamento singular.*

Inmediatamente despois da execución da operación de pagamento, o provedor de servizos de pagamento do beneficiario facilitaralle ou poñerá á súa disposición, de modo idéntico ao indicado no artigo 6, a información seguinte:

- a) Unha referencia que permita ao beneficiario identificar a operación de pagamento e, cando estea dispoñible, o ordenante, así como calquera información comunicada xunto coa operación de pagamento;
- b) O importe da operación de pagamento na moeda en que os fondos sexan aboados ao beneficiario;
- c) A cantidade total correspondente aos gastos da operación de pagamento que deba aboar o beneficiario e, de ser o caso, unha desagregación das cantidades correspondentes aos ditos gastos;
- d) Cando proceda, o tipo de cambio utilizado na operación de pagamento polo provedor de servizos de pagamento do beneficiario e o importe da operación de pagamento antes da conversión de moeda; e
- e) A data valor do aboamento.

CAPÍTULO III

Contratos marco

Artigo 11. *Información xeral previa á celebración dun contrato marco.*

1. O provedor de servizos de pagamento facilitaralle ao usuario de servizos de pagamento, en papel ou noutro soporte duradeiro, a información e as condicións contidas no artigo 12, con suficiente antelación á data en que o usuario quede vinculado por calquera contrato marco ou oferta. A información e as condicións estarán redactadas en termos facilmente comprensibles, de maneira clara e lexible, en castelán ou en calquera das demais linguas españolas oficiais das respectivas comunidades autónomas en que se preste o servizo de pagamento ou en calquera outra lingua acordada entre as partes.

2. Se o contrato marco se celebrou por instancia do usuario do servizo de pagamento a través dun medio de comunicación a distancia que non permita ao provedor de servizos de pagamento cumprir o disposto no número 1, o provedor cumprirá as obrigas que lle impón o dito número inmediatamente despois da celebración do contrato marco.

3. As obrigas dispostas no número 1 poderanse, así mesmo, cumprir proporcionando unha copia do borrador do contrato marco que inclúa a información e condicións contidas no artigo 12.

Artigo 12. *Información e condicións.*

O provedor de servizos de pagamento proporcionará ao usuario de servizos de pagamento a información e condicións seguintes:

1. Sobre o provedor de servizos de pagamento:

a) O nome do provedor de servizos de pagamento, o domicilio da súa administración central e, cando proceda, o da súa sucursal ou axente establecido en España, xunto con calquera outro enderezo, incluído o de correo electrónico, que sexa de utilidade para a comunicación co provedor de servizos de pagamento, e

b) Os datos das autoridades responsables da súa supervisión e os do rexistro público en que estean inscritos as entidades de pagamento autorizadas, as súas sucursais e os seus axentes, ou de calquera outro rexistro público pertinente que autorice o provedor de servizos de pagamento, incluíndo o número de rexistro, ou un medio equivalente de identificación nos ditos rexistros.

2. Sobre a utilización do servizo de pagamento:

- a) Unha descrición das principais características do servizo de pagamento que se vaia prestar,
- b) A especificación da información ou do identificador único que o usuario de servizos de pagamento debe facilitar para a correcta execución dunha orde de pagamento,
- c) A forma e o procedemento polo que se deben comunicar o consentimento para a execución dunha operación de pagamento e a retirada do dito consentimento, de conformidade cos artigos 25 e 37 da Lei 16/2009, do 13 de novembro,
- d) Unha referencia ao momento de recepción dunha orde de pagamento, conforme a definición do artigo 35 da Lei 16/2009, do 13 de novembro, e, de ser o caso, á hora límite establecida polo provedor de servizos de pagamento,
- e) O prazo máximo de execución dos servizos de pagamento que se deban prestar,
- f) Se se estableceron límites ás operacións de pagamento que se executarán a través dun instrumento de pagamento de conformidade co artigo 26.1 da Lei 16/2009, do 13 de novembro.

3) Sobre os gastos e tipos de xuro e de cambio:

- a) Todos os gastos que o usuario debe aboar ao provedor de servizos de pagamento e, de ser o caso, a desagregación das cantidades correspondentes aos gastos,
- b) De ser o caso, os tipos de xuro e de cambio que se aplicarán ou, se se van utilizar os tipos de xuro e de cambio de referencia, o método de cálculo do tipo de cambio ou de xuro que se aplicará á operación, así como a data correspondente e o índice ou referencia empregado neste método de cálculo, e
- c) De se ter convido así, a aplicación inmediata das variacións dos tipos de xuro ou de cambio de referencia, e os requisitos de información en relación con estas variacións, de conformidade co artigo 22.2 da Lei 16/2009, do 13 de novembro.

4) Sobre a comunicación:

- a) Cando proceda, os medios de comunicación, incluídos os requisitos técnicos aplicables ao equipamento do usuario de servizos de pagamento, convidos entre as partes para a transmisión de información ou notificacións conforme esta orde ministerial,
- b) A forma en que se debe facilitar ou poñer á disposición a información prevista nesta orde ministerial e a frecuencia desa información,
- c) A lingua ou linguas de celebración do contrato marco e de comunicación durante esta relación contractual, e
- d) O dereito do usuario do servizo de pagamento a recibir en calquera momento as condicións contractuais do contrato marco e a información e as condicións, de conformidade co artigo 13.

5) Sobre as responsabilidades e requisitos necesarios para a devolución:

- a) Cando proceda, unha descrición das medidas que o usuario de servizos de pagamento deberá adoptar para preservar a seguridade dun instrumento de pagamento e da forma en que se debe realizar a notificación ao provedor de servizos de pagamento para os efectos do artigo 27. b) da Lei 16/2009, do 13 de novembro,
- b) De se ter convido así, as condicións en que o provedor de servizos de pagamento reserva para si o dereito de bloquear un instrumento de pagamento de conformidade co artigo 26) da Lei 16/2009, do 13 de novembro,
- c) A responsabilidade do ordenante de conformidade co artigo 32 da Lei 16/2009, do 13 de novembro, con información sobre o importe correspondente,
- d) A forma e o prazo dentro do cal o usuario do servizo de pagamento debe notificar ao provedor de servizos de pagamento calquera operación de pagamento non autorizada ou executada de forma incorrecta de conformidade co artigo 29 da Lei 16/2009, do 13 de novembro, así como a responsabilidade do provedor de servizos de pagamento en caso de operacións de pagamento non autorizadas, de conformidade co artigo 31 da Lei 16/2009, do 13 de novembro,

e) A responsabilidade do provedor de servizos de pagamento pola execución de operacións de pagamento de conformidade co artigo 45 da Lei 16/2009, do 13 de novembro, e

f) Os requisitos necesarios para a devolución, en virtude dos artigos 33 e 34 da Lei 16/2009, do 13 de novembro.

6. Sobre modificacións e rescisión do contrato marco:

a) De se ter convido así, a advertencia de que se considerará que o usuario de servizos de pagamento acepta modificacións das condicións establecidas conforme o artigo 22 da Lei 16/2009, do 13 de novembro, a menos que notifique o contrario ao provedor de servizos de pagamento con anterioridade á data proposta para a entrada en vigor das modificacións,

b) A duración do contrato, e

c) O dereito do usuario de servizos de pagamento a rescindir un contrato marco e calquera acordo relativo á rescisión de conformidade co artigo 22.1 e o artigo 21 da Lei 16/2009, do 13 de novembro.

7. Sobre a lei aplicable, a competencia xurisdicional e os procedementos de reclamación:

a) As cláusulas contractuais conforme as que se definise a lei aplicable ao contrato marco e o órgano xurisdicional competente, e

b) Os procedementos de reclamación e de recurso extraxudicial á disposición do usuario de servizos de pagamento conforme o artigo 50 da Lei 16/2009, do 13 de novembro.

Artigo 13. Accesibilidade da información e das condicións do contrato marco.

En calquera momento da relación contractual, o usuario de servizos de pagamento que así o solicite terá dereito a recibir en papel ou noutro soporte duradeiro as condicións contractuais do contrato marco, así como a información e as condicións recollidas no artigo 12.

Artigo 14. Información previa á execución de operacións de pagamento suxeitas a un contrato marco.

Cando se produza unha operación de pagamento suxeita a un contrato marco iniciada polo ordenante, por solicitude deste, o provedor de servizos de pagamento deberalle subministrar información explícita sobre o prazo máximo de execución e sobre os gastos que debe aboar o ordenante, engadindo, se é o caso, a desagregación das cantidades correspondentes aos posibles gastos.

Artigo 15. Información para o ordenante sobre operacións de pagamento suxeitas a un contrato marco.

1. Unha vez que o importe dunha operación de pagamento suxeita a un contrato marco se cargase na conta do ordenante, ou cando o ordenante non utilice unha conta de pagamento tras recibir a orde de pagamento, o provedor de servizos de pagamento do ordenante facilitaralle sen demoras inxustificadas, de modo idéntico ao estipulado no artigo 11.1, a seguinte información:

a) Unha referencia que permita ao ordenante identificar cada operación de pagamento e, cando estea dispoñible, a información relativa ao beneficiario;

b) O importe da operación de pagamento na moeda en que se cargase na conta de pagamento do ordenante ou na moeda utilizada para a orde de pagamento;

c) O importe de calquera gasto da operación de pagamento e, de ser o caso, a correspondente desagregación de gastos ou os xuros que deba aboar o ordenante;

d) En caso de que a operación de pagamento inclúa un cambio de divisa, o tipo de cambio utilizado na operación de pagamento polo provedor de servizos de pagamento do ordenante, e o importe da operación de pagamento tras a dita conversión de moeda, e

e) A data valor do débito ou a data de recepción da orde de pagamento.

2. Así mesmo, o provedor de servizos de pagamento facilitará a información a que se refire o número anterior de maneira gratuíta, periódica, polo menos unha vez ao mes, e na forma convida polas partes, sempre que permita ao ordenante almacenar a información e reproducila sen cambios.

Artigo 16. Información para o beneficiario sobre operacións de pagamento suxeitas a un contrato marco.

1. Despois da execución de cada operación de pagamento suxeita a un contrato marco, o provedor de servizos de pagamento do beneficiario facilitaralle sen demoras inxustificadas, de modo idéntico ao estipulado no artigo 11.1, a información seguinte:

- a) Unha referencia que permita ao beneficiario identificar a operación de pagamento e, cando sexa posible, o ordenante, así como calquera información comunicada xunto coa operación de pagamento;
- b) O importe da operación de pagamento na moeda en que se aboase na conta de pagamento do beneficiario;
- c) O importe de calquera gasto da operación de pagamento e, de ser o caso, a correspondente desagregación de gastos ou os xuros que deba aboar o beneficiario;
- d) En caso de que a operación de pagamento inclúa un cambio de divisa, o tipo de cambio utilizado na operación de pagamento polo provedor de servizos de pagamento do beneficiario e o importe da operación de pagamento antes da conversión de moeda, e
- e) A data valor do aboamento.

2. Así mesmo, o provedor de servizos de pagamento facilitará a información a que se refire o número anterior de maneira gratuíta, periódica, polo menos unha vez ao mes, e na forma convida polas partes, sempre que permita ao beneficiario almacenar a información e reproducila sen cambios.

Artigo 17. Modificación das condicións do contrato marco.

O provedor de servizos de pagamento deberá propoñer calquera modificación das referidas no artigo 22 da Lei 16/2009, do 13 de novembro, de modo idéntico ao estipulado no artigo 11.1.

Artigo 18. Resolución do contrato marco.

Conforme o previsto no artigo 21.3 da Lei 16/2009, do 13 de novembro, de se acordar así no contrato marco, o provedor de servizos de pagamento poderá resolver o contrato marco celebrado por un período indefinido se avisa en idénticos termos aos previstos no artigo 11.1 e cunha antelación mínima de dous meses.

Disposición adicional primeira. Réxime aplicable a determinadas operacións e contratos.

Conforme o último parágrafo do artigo 8 da Lei 22/2007, do 11 de xullo, sobre comercialización a distancia de servizos financeiros destinados aos consumidores, serán de aplicación especial os artigos 6, 7, 11 e 12 desta orde, no que se refire á prestación de servizos de pagamento, en lugar das disposicións en materia de información recollidas no artigo 7.1 da citada lei. Non obstante, será aplicable o previsto nas letras c) e g) do artigo 7.1.2; a), b) e e) do artigo 7.1.3, e b) do artigo 7.1.4 da Lei 22/2007, do 11 de xullo.

Disposición adicional segunda. Aplicación exclusiva desta orde a certas actividades de determinados provedores de servizos de pagamento.

A actividade de prestación de servizos de pagamento das entidades de crédito quedará exclusivamente suxeita a esta orde, e non resultará de aplicación a ela o previsto na Orde do 12 de decembro de 1989, sobre tipos de xuro e comisións, normas de actuación, información a clientes e publicidade das entidades de crédito.

Disposición adicional terceira. *Información contable e habilitación ao Banco de España.*

Nos termos previstos no artigo 14 da Lei 16/2009, do 13 de novembro, as entidades de pagamento axustarán a súa información contable aos principios contidos no Plan Xeral de Contabilidade, coas adaptacións que se establezan mediante circular do Banco de España, que requirirá, no que se refira a estados públicos, informe previo do Instituto de Contabilidade e Auditoría de Contas. En todo caso, a normativa contable que se estableza de forma específica para as entidades de pagamento deberá tomar en consideración os criterios e a terminoloxía establecidos na normativa contable aplicable ás entidades de crédito.

Disposición transitoria única. *Réxime transitorio dos contratos marco.*

1. Sen prexuízo do establecido na disposición transitoria terceira da Lei 16/2009, do 13 de novembro, de servizos de pagamento, as disposicións relativas á transparencia dos contratos marco que os provedores de servizos de pagamento que operen en España teñan subscritos coa súa clientela na data de entrada en vigor desta orde ministerial, seguirán sendo válidas unha vez que a orde entre en vigor, sen prexuízo da aplicación, a partir do dito momento, e no caso de que a contraparte sexa unha persoa física, das condicións máis favorables para o cliente que poidan derivar das súas normas.

2. Con independencia do disposto no número anterior, as disposicións a que se refire o dito número deberanse adaptar ao previsto nesta orde ministerial antes do 5 de decembro de 2010, ou do 5 de xuño de 2011 para os contratos de tarxeta de crédito ou débito. Para iso, as entidades remitiranlles aos seus clientes, a través do medio de comunicación pactado, as modificacións contractuais derivadas da aplicación desta orde ministerial, co fin de que poidan outorgar o seu consentimento aos cambios introducidos. Este consentimento considerarase tacitamente concedido se, transcorridos tres meses desde a recepción da comunicación, o cliente non manifestou a súa oposición a estes cambios. Igual presunción caberá se o cliente realizase, transcorrido un mes desde aquela recepción, unha nova operación de pagamento iniciada por el e suxeita ao contrato marco; tales circunstancias, xunto á que se indica no parágrafo seguinte, figurarán, de maneira preferente e destacada, na comunicación personalizada que a entidade faga chegar ao cliente.

Cando o cliente mostre a súa desconformidade coas novas condicións establecidas, poderá resolver, sen custo ningún ao seu cargo, os contratos ata entón vixentes.

Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa.*

Quedan derogadas cantas normas de igual ou inferior rango se opoñan ao disposto nesta orde ministerial.

En particular, quedan derogadas:

a) A Orde do 16 de novembro de 2000, de desenvolvemento da Lei 9/1999, do 12 de abril, pola que se regula o réxime xurídico das transferencias entre Estados membros da Unión Europea así como outras disposicións en materia de xestión de transferencias en xeral, salvo o disposto nos números 4, 5 e 6 do artigo 3, que permanecerá vixente ata o 30 de abril de 2011, e o artigo 7;

b) Todas as disposicións relativas á actividade de prestación de servizos de pagamento das entidades de crédito contidas na Orde do 12 de decembro de 1989, sobre tipos de xuro e comisións, normas de actuación, información a clientes e publicidade das entidades de crédito, e expresamente o artigo cuarto e a letra c) da disposición derradeira primeira.

Disposición derradeira primeira. *Habilitación normativa.*

Habilitase o Banco de España para que poida ditar as normas precisas para o desenvolvemento e execución desta orde.

Disposición derradeira segunda. *Incorporación de dereito da Unión Europea.*

Mediante esta orde incorpórase ao dereito español a Directiva 2007/64/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 13 de novembro de 2007, sobre servizos de pagamento no mercado interior, pola que se modifican as directivas 97/7/CE, 2002/65/CE, 2005/60/CE e 2006/48/CE pola que se derroga a Directiva 97/5/CE.

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor.*

Esta orde entrará en vigor aos vinte días da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Madrid, 14 de xuño de 2010. - A vicepresidenta segunda do Goberno e ministra de Economía e Facenda, Elena Salgado Méndez.